



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO
CONCELLO PLENO O DÍA 24 DE XUÑO DE 2010.-**

<u>Sres. Asistentes.</u>	
<u>Sr. Alcalde.</u>	
D. Julio Ignacio Iglesias Redondo	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as doce horas e cincuenta e cinco minutos do día vintecatiro de xuño de dous mil dez, previa convocatoria e citación ó efecto, reúñese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente
<u>Sres. Concelleiros:</u>	D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.
Dª María Victoria Montenegro Paz.	
D. Francisco García Prego.	
Dª Ana María Fernández Coira.	
D. Jose Salvador Ferreiro Montenegro.	
D. José Manuel Cendán Fernández.	
D. Fernando Otero Prieto.	
Dª Josefina Martínez Martínez.	
Dª Mercedes Grande Regueiro.	
D. Manuel Rodríguez Doval.	
Dª Belén Abeal Pérez.	
D. Luis Cendán Fernández.	
D. Francisco Echevarría Lage.	
<u>Sr. Secretario.:</u>	
D. Manuel Larrosa Rodríguez.	

Aberta a Sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

PUNTO NÚM. 1.- RATIFICACIÓN SE PROCEDE DO CARÁCTER URXENTE DA CONVOCATORIA.-

Toma a palabra o Sr. Alcalde, manifestando que ocasión da notificación ó Concello de que a solicitude do Obradoiro de Emprego non pasou a Comisión, e da Resolución do Plan de Cooperación convocouse unha Comisión, onde se deu conta tanto da solicitude do Obradoiro de Emprego como da Resolucións dos Programas de Cooperación, con ocasión dessa Comisión por parte da Alcaldía anunciouse os grupos que efectivamente ian a darse roldas de prensa, que loxicamente iase dar publicidade á situación incomoda, que para a cracción de emprego ten o Concello de Ares, sen esas aportacións por parte da Xunta de Galicia, nun momento ademáis moi complicado de moito paro, porque nun momento como o de agora a segunda negativa ó Taller de Emprego, supon trinta e seis postos de traballo menos, son trinta e seis postos durante un ano, e recortar á mitade o Plan de Cooperación, supón non poder



abrir a caseta de turismo, supón non atender ó comedor con apoio das de Axuda a Domicilio, se non vos parece grave que non podamos abrir a caseta de turismo, se en setembro non podamos atender o comedor do colexio, porque non temos persoas de Axuda a Domicilio para enviar, que na biblioteca teña que pechar sen servicio, porque efectivamente tampouco hai as persoas correspondentes de apoio á Cultura e Deporte que suplen vacacións, a biblioteca non pecha porque cando se vai a persoa que a atende de vacacións ven unha persoa do Plan de Cooperación, entonces a gravedade da situación loxicamente implica por parte da Alcaldía unha toma de posición nun Pleno extraordinario e a ese efecto, unha vez que tanto o Obradoiro con toda a documentación correspondientes, como a resolución do Plan de Cooperación cos diferentes programas que se solicitaron foron resoltos, de maneira loxicamente non satisfactoria, se convoca un Pleno Extraordinario que é o que vamos a ter agora, porque cando nos reunimos na Xunta de Voceiros para o Pleno Extraordinario non tiñamos áinda a resolución do Plan de Cooperación, e en consecuencia con ese obxectivo, convocase este Pleno cun punto 1, que é a ratificación se procede do carácter urxente da convocatoria, porque efectivamente se resolveu o Plan de Cooperación, nos recortaron a mitade, e na solicitude do obradoiro de emprego, efectivamente nin siquera o meteron en Comisión para evaluar, cando é efectivamente a mesma documentación que se presentou en decembro, si que o meteron na Comisión, con esta urxencia se convoca o Pleno e en consecuencia no punto núm. 1 pido a ratificación do carácter urxente, cos argumentos que estou a expoñer. E para dalgunha maneira mostrar a nosa disconformidade e haber se pode correxirse antes de que o mal sexa menor, senón teremos que pasar un verán cos servicios pechados porque non podemos atendelos, van a quedar praias sen socorristas, e van a quedar servicios sen cubrir, a estos efectos pido que se ratifique o carácter urxente da convocatoria, os portavoces se así o estiman oportuno.

Aberto o turno de intervencións, toma a palabra o voceiro de NAL, Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que vai a votar que sí á urxencia, porque así o ven facendo, as Mocións que se presentan por esta vía botalas que sí, áinda que despois no fondo da cuestión teña unha opinión favorable ou desfavorable, neste caso en coherencia o que veño facendo voi a votar que sí á urxencia, e despois en canto ó fondo xa o debatiremos.

Interven o Sr. Echevarria Lage, manifestando que hai que intentar que volvan a crear o tema polo tanto esta de acordo.

Interven o voceiro do BNG, Sr. Rodríguez Doval, manifestando que tomando como base a información que se nos suministro una reunión do día 22 os feitos más o menos son os



seguintes, o luns convocouse o Pleno Ordinario e non se inclúa referencia algunha a este asunto, me consta que o luns non sei se estaba o papel da comunicación, pero se vostede o martes comunicou xa que se reducía a metade, pois xa o sabía polo menos oficiosamente, o mesmo lúns non se inclue este punto no Pleno ordinario cando polo menos nun dos temas que sería a Escola Obradoiro xa se sabía cal era a resolución, xa se sabía cal era o documento que foi o que vostede nos leeu alí, convocasenos o Pleno e despois se nos convoca a unha reunión, para o día seguinte para o martes día 22 que pon "Obradoiro de Emprego", no decurso desta reunión do día 22 se nos dou unha información de datos por parte da Alcaldía respecto os diversos programas da interpretación que se facía respecto de todo eso, e nos fumos da reunión da Comisión Informativa, entonces claro que apareza un Pleno extraordinario convocado nese día, non parece lóxico que se convoque unha Comisión Informativa que se explique parte do debate e despois as tres horas se convoque un Pleno Extraordinario sobre feitos que senón oficialmente, oficiosamente a gravedade según vostede dice pois xa se sabía, polo tanto conclusión primeira, ese tema podía estar perfectamente como un punto na Orde do Día, no Pleno que acabamos de celebrar, creo que sería lóxico que sería normal, e sobre sería moito más económico para o Concello, eu o da convocatoria deste Pleno me parece verdadeiramente alucinante porque é saber desde hai varios días as razóns que poden levar a que este tema se inclua urxentemente, a Alcaldía ten a capacidade para meter a Moción pola vía de urxencia, en fin cuarenta mil historias como se teñen feito aquí, e a miña sorpresa é que se convoque esta reunión extraordinaria polo tanto, nos entendemos que hai outra estratexia que non sei cal é seguramente, se se pasa despois a debatir o punto, nos desde logo non vamos a botar a urxencia, vamos a absternos porque claro, este tema tal e como se produció ó Pleno non se lle pode pedir que declare este tema de urxencia, sabe porque, porque na carpeta que eu fun a mirar deste Pleno, o único que hai é esto, entonces eu que veño a debatir aquí, o que vostede me diga e o que eu non sei, eu non sei más que a información que se me deu na reunión do pasado dia 22, parece que a hora de tomar unha decisión deberíamos ter todo o expediente, porque todos somos maiorciños, non dubido que o Sr. Alcalde faga unha lectura do proceso, pero pode haber máis lecturas e non dubido que o Alcalde crea correcto que hai que convocar este Pleno extraordinario para facer algunas cousas, pero pode haber máis propostas, polo tanto eu se hai temas que requieren consenso, que requieren unidade en nome de que un proxecto que tal, penso que a quien lle corresponde a maior responsabilidade para que eses temas se den con consenso é a Alcaldía, desde logo nos vámonos a abster na declaración de urxencia, temos tamén un posicionamento máis concreto que seguramente se despois se da o debate faremos pero non declaralo de urxencia supón retrotráelo a un debate máis amplio, con todos os datos enriba da mesa, non sei se nunha Comisión, nunha Xunta de Voceiros, ou nun Pleno pero cando tiñamos todos os datos, creo que con esta Moción que ven hoxe aquí, creo que non é suficiente para algunas cousas das que nos queremos dar o debate que é a política de Emprego deste Concello, a Política de creación de Emprego, os programas como se fixeron, como se pediron, nos queremos falar de todo eso, non salamente da última



parte, porque así non nos aclaramos, desde logo nos vamos a absternos na declaración de urgencia.

Toma a palabra o Sr. Alcalde Presidente para dar resposta o voceiro do BNG, a nos nos chega unha resolución do Obradoiro de Emprego a semana pasada, pero evidentemente chega ó rexistro e eu a vexo cando a suben, eu teño noticias de que o tema non vai ben, o Delegado me dice que efectivamente o Portavoz do P.P non quere o Obradoiro de Emprego, e en consecuencia non vai a darnos un Obradoiro de Emprego en contra da vontade do Portavoz do P.P de Ares, evidentemente eu teño que leer a Resolución porque o que me di por teléfono e eso, non creo que eso o poña na Resolución, entonces eu pensó que vai a Comisión e que obtén unha valoración negativa, claro eu me entero efectivamente o venres, despois de ter a xunta de voceiros para o Pleno das 11, porque esto non foi a Xunta de Voceiros, aquí non ven a Pleno nada que primeiro non pase pola Xunta de Voceiros, e eu na xunta de voceiros non metín nin o de Cooperación nin metin o do Obradoiro de Emprego, porque efectivamente non o tiña, entonces facemos unha xunta de voceiros para o pleno das 11, o luns efectivamente cando pido toda a documentación, efectivamente percibo que a resolución pola que nos desestiman o Obradoiro de Emprego, é porque efectivamente faltan unhas autorizacións de obras, que por certo en decembro as pediron e a meteron en Comisión, que efectivamente libra a propia Administración Autonomica, e dicir a Consellería de Traballo nos dí que faltan autorizacións que da a propia Xunta que son de Patrimonio e de Augas, e en decembro non foron óbice para metelo a avaliación, entonces eu e cando vexo que eso non é correcto, porque si fallan autorizacións nos teñen que enviar unha carta dando un prazo de 10 días para subsanalas, e eso non o fixeron, e logo o Plan de Cooperación e o luns cando efectivamente sabemos que non hai máis programas porque se resolve, dentro dos programas que se resolven nos notifican praias, e nos notifican parques e xardins, entonces efectivamente entra dentro da Resolución de Programas, pero o luns nos enteramos que xa non hai máis programas, que o programa de cultura non o dan, caseta de turismo non a dan, servicios sociais non dan, efectivamente onde nos recortan é en todos os demás, entonces sae unha información periodística de que a Consellería de Traballo vai a destinar 2,7 millóns de euros a estes programas que faltan, a Axente de Desenrollo local chama á Xunta e dínlle que non que se acabou que non hai máis, entonces é nese momento no que temos conciencia da situación, non a tivemos o venres para meter esto na Xunta de Voceiros do Pleno das once, a tiven o luns mandei convocar un pleno extraordinario e para non traer ó Pleno extraordinario este tema sen pasar pola Comisión, convoquei unha comisión para falar deste tema. Na comisión falamos deste tema e dentro das facultades da Alcaldía esta en convocar un Pleno, convoquei un Pleno co mesmo tema, pero loxicamente noutro contexto non é o dunha Comisión é dun Pleno, sobre o tema que foi a Comisión, cando tiven os datos os levei á Comisión e convoquei un Pleno porque no anterior non puden facelo porque non foi á Xunta de Voceiros, e eso é o que regulamente me vides esixindo que non veña a Pleno nada que non veña á Xunta de Voceiros,



entonces eu convoquei unha comisión para ter este Pleno Extraordinario, esa é a explicación non hai outra, entonces efectivamente en atención a praías no ano 2008 nos dan 10 traballadores 3 meses, Banco do Tempo municipal 1 traballador 9 meses, apoio os servicios sociais 3 traballadores 6 meses, mantenimento de espacio públicos 4 traballadores 6 meses, integral de emprego Red Natura 3 traballadores 6 meses, total uns 180.000 euros, o ano pasado atención a praías 8 traballadores 3 meses baixan 2, punto de información turística 1 o subimos non o tiñamos antes, limpeza e mantenimento de espazos públicos 4 traballadores 6 meses igual que no 2008, servicios de parques e xardins 2 traballadores 6 meses, antes tiñamos na rede natura 3 traballadores, apoio a cultura e deporte 2 traballadores 4 meses, programa de atención dos dependentes 3 traballadores 6 meses, total 150.000 euros, nos baixaron vinteseis mil euros, tampouco pasa nada non teñen porque darnos todo. Pero este ano ven servicio de atención as praías 10 traballadores 3 meses, e limpeza e mantenimento de espazos públicos 4 traballadores 6 meses, claro desde o Concello esperamos o resto, esperamos o punto de información turística, esperamos apoio a cultura e deporte, esperamos atención a Dependentes, e o luns nos din que se acabou que non hai máis, entonces cando teño a información a levo a comisión, de despois de que pasou a Comisión como Alcalde decido convocar o Pleno, non me parece que sexa tan criticable o que se fixo, dentro da premura da situación rápida da información que temos, creo que obramos efectivamente como vimos obrando sempre, non puido ir a Xunta de Voceiros do venres, foi a unha Comisión e convocamos un Pleno porque o Alcalde ten esa facultade, claro esto foi todo o luns, o Pleno esixe que se notifique nuns plazos, e temos que ir a un extraordinario e urgente coa conseguinte ratificación da urgencia, que vostedes non consideran que esto non é urgente, pois non o facemos non pasa nada, agora eu non tiven outra opción que facelo así, pois efectivamente os acontecimentos foron como se describiron.

Toma a palabra o Sr. Portavoz do Grupo Popular, Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando cree que o voceiro que o antecedeu deixou algunas puntualizáns pero eu quero deixar claro que se nos convoca a este Pleno Extraordinario, con dous puntos na Orde do Día, ratificación do carácter urgente da convocatoria, e punto 2 Moción do PSOE relativa a novo rexeitamento do Obradoiro de Emprego, por parte da Consellería de Traballo e reducción do Plan de Cooperación da Xunta, e abaixo di o seguinte: ten a súa disposición a documentación referente os asuntos incluídos na Orde do Día, que pode consultarse na Secretaría da Corporación, pregase que en caso de non poder asistir o comunique, a esta Alcaldía a través da sua Secretaría Xeral indicando os motivos que o xustifiquen. A min cando se me convocou a este Pleno eu fin xunto do Sr. Secretario e lle pedin a documentación do Pleno as dúas resolucións, que xa na Comisión que se convocou se nos debía dar, e o grave non é eso, o grave é que eu onte fun falar co Sr. Secretario e me din que non está o Alcalde e ten que esperar a hoxe, hoxe pola maña cheguei aquí as nove menos cuarto e fun falar co Señor Secretario e mi de que hai orden tua de que non se nos da a documentación, eso foi o



que se me comunicou a mí, eu o sinto moito de verdade Julio, nos non temos medo a este debate, pero que me ninguneen, e unha falta de respeto hacia nos, que non se nos de a documentación que ti leiche alí, que non o teña ningún portavoz as duas resolución da Xunta, que viñamos aquí a un Pleno extraordinario porque con esta moción ti antes preguntaches cando acabaron as duas Mocións preguntache se había algún moción pola vía de urxencia, pois poideche facelo mesmo e metela aquí, e creo que é unha falla de respeto á noso grupo, e nos como non temos a documentación nos vamos a levantar do Pleno e nos vamos a ir, e vamos a advertir unha cousa non penses que nos temos medo a este debate.

O Sr. Alcalde resposta que a documentación a tiveron a súa disposición enriba da mesa na Comisión Informativa.

O Sr. Manuel Cendan Fernández, di que a mí se me negou a documentación onte e hoxe.

O Sr. Alcalde di que a convocatoria xira entorno a unha moción que estaba no expediente.

O Sr. Cendan Fernández, di que hai que poñer as resolucións denegatorias para saber cales son os motivos da denegación.

O Sr. Alcalde di que como na Comisión de Urbanismo el lee as licencias as pon enriba da mesa, e despois as mira quen quiere.

O Sr. Cendan di que as Comisións non lles da importancia, el lle da importancia a que se lle convoque a un Pleno que se vaia a pedir a documentación e non se lle da.

Resposta o Sr. Alcalde que a documentación do Pleno é a Moción, o que fai o Grupo Socialista e responsabilidade do Grupo Socialista, eu teño potestade para convocar un Pleno Extraordinario e o convoquei, que podía tratar de incluílo pola vía de urxencia no anterior, pois non o considerei oportuno, porque sempre se me di que nos Plenos todo o que vaia se meta en Comisión, ou se meta en Xunta de Portavoces, este tema é moi serio e non quisen arriscar no Pleno anterior meter por vía de urxencia un tema que o venres na Xunta de Voceiros non metin, porque non coñecían os extremos ata o luns, e o luns considerei oportuno convocar un Pleno extraordinario.

O Sr. Manuel Cendan, di que el está discutindo que a el se lle negou a documentación.

Resposta novamente o Sr. Alcalde que a documentación do Pleno é a Moción, as resolucións foron obxecto dunha Comisión, non deste Pleno.



O SR. Manuel Cendán, di que nos temos que tomar un posicionamento respecto do escrito que notificou a Xunta, e pregunto onde esta ese escrito.

O Sr. Alcalde di que o obxecto do Pleno é para discutir unha Moción do PSOE.

O Sr. Manuel Cendán, di que teñen claro que non van a participar en comparsillas, pero deixar claro de onde e cando queira nos vamos a debatir esto, e eu preparei o Pleno e proba delo e que teño toda a documentación de todo o que se deu desde o ano 2006 ata este, e o que se lle deu a Mugardos e o que se lle deu a Cabanas, porque fixecheas unhas manifestacións na Comisión Informativa de que a Cabanas se lle dera tal, a Cabanas se lles deu mil e pico euros menos que a Ares, a Mugardos se lle deu 30 mil euros menos que a Ares.

O Sr. Alcalde resposta que a Cabanas e Mugardos se lles deu máis do que se lles daba e a Ares se lle deu menos, aquí había cento oitenta mil euros, e porque ti dixecheas que non os baixaron á metade, e o Obradoiro de Emprego non nolo deron.

O Sr. Cendán Fernández, di que con gobernos do P.P na Xunta o máximo que se nos deu foron 12 traballadores, e a tin te dan este ano catorce. Aquí que nos pidas que unha moción do PSOE que a apoiemos sen darnos documentación pois non, polo tanto nos vamos a levantar do Pleno e non nos vamos a dexiar ningunear por ti.

Sendo as trece horas e vintedous minutos do día o comenzó sinalado abandonan o Salón de Sesións os membros do Grupo do Partido Popular.

O Sr. Alcalde di que o Pleno Extraordinario versa sobre unha Moción que eu anunciei, na Comisión, dixen na Comisión que ía a tomar medidas, dixen que ía a dar rodas de prensa, dixen que ía a ir os servicios xurídicos, e esta é unha das medidas. Eu non sei porque a este Alcalde se lle discute a iniciativa de convocar Plenos, a iniciativa de facer a Orde do Día que é do Alcalde, eu fogo o que fan en todos os Concellos os Alcaldes, convocan os Plenos e poñen as Ordes do Día que consideran oportunos, eu xa non poño os que considero oportunos, vou a unha xunta de Portavoces e poñemos os que consideramos oportunos todos, esto é unha situación extraordinaria e urxente porque o luns se precipitaron os feitos, porque ven praías e parques e xardins, pois espero cultura, servicios sociais caseta de turismo, xa virá o resto, e o luns din que non hai resto, e logo no Obradoiro de Emprego, cando me suben a resolución alucino porque penso, que es porque non pasa a valoración da Comisión é que nin siquera o meteron a Comisión, convoco unha Comisión levo a documentación, e a poño alí enriba da mesa, por suposto eu as Resolucións as comento, o Taller de Emprego non pasa e o Plan de Cooperación o baixan á metade, e como se fai no resto das Comisións quen quere coller os papeis os colle, na Comisión de Urbanismo cando leo a licencia eu non a ofrezo a ninguen a poño enriba da mesa, e a xente pode collela, e cando se termina a Comisión eu me vou, e pode quedar a xente vendo a documentación, eu levei a solicitude do Taller de emprego, levei os proxectos, A Bailadora, os puxen enriba da mesa, e ninguen os pediu.



En todas as Comisións queda alí quen o quere ver o ve, e o tema, do Pleno é ratificación do carácter urgente da Convocatoria, e dous Moción do Grupo Municipal Socialista como unha das medidas a adoptar porque efectivamente hai unha situación de avasallamento, e dicir non se pode xustificar que de 176.000 euros baixemos a 96.000 euros, co paro que existe, e que o Taller de Emprego por segunda vez consecutiva non tiñamos Taller de Emprego. Entonces con ese obxectivo eu na Comisión digo que vou a tomar medidas e esta é unha das medidas que tomei dentro das miñas competencias, convocar un Pleno Extraordinario cun punto na Orde do día para debatir unha moción, o resto da documentación sobre a que se basa esta Moción estuvo a disposicións dos Sres. Concelleiros na Comisión Informativa, e esa é a explicación, e o que pasa é que o Partido Popular se lle atraganta que como eles están gobernando, non nos dan o Taller de Emprego duas veces seguidas e por riba nos baixan á metade o Plan de Cooperación, claro agora que abre a Caseta de Turismo, quen manda apoio de Servicios Sociais ó comedor escolar, quen pon socorristas nas praias, entonces ese é o debate, eu non teño ningún problema, ratificamos a urgencia, pois ratificamos a urgencia. Punto o dous, o discutimos a refacemos, lle quitamos o de PSdeG, lle facemos o que queiramos, o punto dous e para discutir esa Moción, se pode enmandar, se pode transacionar, pero é unha das medidas que adopta esta Alcaldía para reclamarlle á Xunta ó que teñen dereito os Aresanos. Entones se estas de acordo votamos a urgencia.

Interven o Sr. Rodriguez Doval, manifestando que aquí temos un grave problema, e agora que o digamos cando non esta presente o Partido Popular ata parece que queda mal, pero eu como o fá dicir igual se estiveran, que creernos porque sabemos como é a política do Partido Popular, tanto que por diversas razóns tanto uns como outros non coincidimos con esa Política a cal criticamos, que todos temos que pensar igual na conclusión que quitamos, e non é así Alcalde, ó noso grupo lle interesa que este tema se debata, se aclare, como nos interesou desde o primeiro momento, e desde hai tres anos que empezou esta Corporación e esta é a primeira vez que se discute o tema de Programas de Emprego, ¿Por qué? , por que nolos quitaron, entón eu tamén vou a dicir unha cousa, que ademais como sei que vai quedar grabada aquí, e dicir cando un ten a razón a ten aínda que sexan Cendán, ainda que sexa do Partido Popular, ainda que sexa do Bloque, entonces non confundamos, os dexesos, o de ver que a Xunta esta a putear os Concellos que non son do Partido Popular que o esta facendo, naturalmente, con como enfocamos eso para procurar facer alternativas a toda esa historia, e a alternativa así esta mal construida, porque na Comisión do outro día cando se nos convoco una Comisión nada más que había o papel, non estaba todo o expediente, cando se convocou a Comisión non estaba todo o expediente, eu tiven tres horas antes da Comisión para consultar o expediente, e cando se convoca o Pleno o único que hai solo é a Moción, estamos aquí diante dun xogo de palabras que non me gusta nada. Simplemente vou a dar un último argumento o ano que ven non via haber Plan E, cando veña a moción aquí do Partido Popular dicindo que temos seiscentos mil euros menos vamos a saltar por soleares todos, hai que ser coerentes.



O Sr. Alcalde manifesta que de momento o impulso das Administracións Públicas na contratación é importante, e se cae haberá máis paro, e é o que intentamos que en Ares non suceda, nos faltan noventa mil euros no Plan de Cooperación, e nos falta un Taller de Emprego por novecentos catro mil euros, e non podemos consentir que nos sigan atropellando sen razón, se nos falla documentación nos terían que haber dado dez días para completala, e no Plan de Cooperación nos teñen que dar loxicamente o que necesitamos non o que queiran, e esa é a razón de fondo, e fun a Comisión e o expusen e agora veño a Pleno onde poño como punto da Orde do Día unha Moción, nada máis.

Sometida a votación a urxencia o Pleno do Concello por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL e un 1 Concelleiro non Adscrito) e 6 votos abstencións (2 BNG e 4 P.P. – por estar ausente), acorda ratifica-la urxencia da Convocatoria.

**PUNTO NÚM. 2.- MOCIÓN AO PLENO DO CONCELLO DE ARES RELATIVA
AO NOVO REXEITAMENTO DO OBRADOIRO DE EMPREGO POR PARTE DA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E A REDUCCIÓN DO PLAN DE COOPERACIÓN
DA XUNTA.**

Dase conta da Moción ao Pleno do Concello de Ares relativa ao novo rexiteitamento do Obradoiro de Emprego por parte da Consellería de Traballo e a Reducción do Plan de Cooperación da Xunta, que seguidamente se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A concesión do obradoiro de emprego é fundamental para un Concello que ten 488 parados, o que sitúa a taxa de paro en, aproximadamente, un 21% da poboación activa. Ademais, para o equipo de goberno, a fórmula xa levada a cabo durante o goberno bipartito – concretamente, de decembro de 2008 a decembro de 2009- é máis axeitada, xaque, por unha banda, vai dirixida a maiores de 25 años, que a míudo teñen cargas familiares e, no caso de parados de longa duración e de mulleres, maiores dificultades á hora de acceder ao mundo laboral, e ademais combina á perfección a adquisición de formación permanente durante un ano co pago dun soldo aos alumnos participantes.

Na solicitude remitida na convocatoria de marzo deste ano 2010 á Consellería de Traballo, que xa fora denegada na convocatoria do ano pasado a pesares de que na visita realizada a Ares en setembro a conselleira, Beatriz Mato, mostrou a súa satisfacción pola



excelente execución do que entón estaba en marcha e interesouse especialmente polo que este Concello iba a propor, pedíase a contratación de 40 alumnos, 20 para a especialidade de albanería e outros 20 para a de xardinaría.

As obras que se llevarían a cabo, segundo se recolle no proxecto presentado, son as seguintes.

- 1.- Rehabilitación e ampliación do edificio das Escolas do Lago para o Centro Municipal de Formación.
- 2.- Eliminacion de barreiras arquitectónicas nas rúas Real, María, Anxos Avda. de Mugardos e Tenente General Gabeiras.
- 3.- Conservación de muros e desbroce e acondicionamento da batería de Fonteseca.
- 4.- Mantemento da batería de A Bailadora.
- 5.- Reposición de bambú e salgueiros e limpeza de ramallos no parque de A Xunqueira.
- 6.- Limpeza e reparación dos depósitos municipais de auga en O Castro.
- 7.- Mantemento e reposición de árbores no parque Rosalía.
- 8.- Acondicionamento e mantemento de Fontelide (unha fonte).
- 9.- Invernadoiro.
- 10.- Instalación da cúpula e da solaina para o futuro observatorio na batería de A Bailadora.

O orzamento total era de 904.037,40 euros, solicitando á Consellería unha achega de 860.988 euros. O resto correría a cargo do propio Concello de Ares.

Segundo a información comunicada por Traballo, o proxecto, que na anterior convocatoria non acadara os puntos suficientes, nesta ocasión nin siquera pasou á comisión evaluadora, alegando que non se presentaran as autorización das administración correspondentes relativas ás obras a executar polo Obradoiro. Este trámite, que na anterior convocatoria non fora necesario, tampouco foi comunicado no seu momento o que, como marca a lei, daría ao Concello un prazo de dez días para presentar a documentación pertinente.

Polo tanto, cabe pensar que claramente existe unha componente política á hora de non aceptar o proxecto presentado por este concello, ofrecendo para xustificar esta negativa totalmente contraproducente para o pobo de Ares unha excusa que non se sostén, comenzando polo punto de vista procedural.



Tamén hai que subliñar o recorte á metade do investimento da Xunta no Plan de Cooperación, pasando dos 176.650.62 euros de 2008 aos 96.049,89 deste exercicio 2010. Este drástico recorte, que ten unha especial repercusión en moitas familias que se atopan nunha alarmante situación de necesidade, afecta tanto ao número de contratacóns de 21 en 2009 a 14 en 2010 –como a duración das mesmas –de contratos de tres, catro, seis e incluso nove meses pasouse a contratos de tres e seis meses.

ACORDO:

O Pleno da corporación insta á Consellería de Traballo e Benestar a reconsiderar o proxecto presentado polo Concello de Ares, ao tempo que pide que ofreza públicamente as expicacións pertinentesobre as razón reaias polas que non se aceptou a proposta.

O Pleno da corporación tamén esixe á Xunta que manteña a mesma partida que en 2008 e as condicións de contratación no Plan de Cooperación co Concello de Ares.

Interven o Sr. Alcalde- Presidente manifestando, que respetando o fondo que é que nos den más, que eso é o único que non vamos a transacionar, ó único que non vamos a transacionar e o que quere o Partido Popular, como sempre nos diron doce que nos de doce, salvo que nos den más a transacción e as emendas se aceptaran todas, o que queremos é que nos den más, entonces o obxecto da Moción é que por favor nos den o que nos corresponde no Plan de Cooperación porque senón non vamos poder presta-los servicios, e que nos den o Obradoiro de Emprego porque temos dereito a el, e xa levan duas convocatorias facendo o posible para non dalo, encontes o contido da moción esta a vosa disposición e iniciamos un debate sobre o seu contido.

O Sr. Luis Cendán Fernández, manifesta que quere ser coherente na medida do posible, fun coherente na votación da urxencia, como xa expliquei o viña facendo e o viña mantendo, de votar calquer tipo de moción ou asunto pola vía de urxencia, pero vou adiantar que o meu voto vai a ser negativo, por algunha das cousas que aquí se comentaron e que eu me estou enterando, eu teño que dicir a verdade en coherencia os feitos, se ven é verdade que eu non sou membro da Comisión Informativa que convocaches para eso, e eu me estou enterando incluso da convocatoria agora, é máis fun ó expediente e aquí se dixo que estaba a Moción, non había outra cousa, eu non me enterei nin das duas Resolucións da Xunta que había o respecto, eu era todo oídos, me estaba a enterar polo tanto non tiña un criterio e xa



tiña prefixado que a Moción ía dicir que non porque non tiña información, os feitos son así, non podo dicir que os feitos son así, a mí se me facilitou a Moción, a fun a buscar á Secretaría onde estaba o expediente, me facilitaron a Moción e non teño outra cousa en canto ó expediente, creo que expediente debido a que todos os Concelleiros non formamos parte da Comisión, que viñera o expediente o Pleno polo tanto a mí valíame que as duas Resolucóns que se teñen viñeran no expediente do Pleno e eu xa me pronunciaba, posto que no fondo estou de acordo e quero ser coherente, eu non polo votar esto por falta de información.

Resposta o Sr. Alcalde que o único que pode facer, e que baixen agora as Resolucóns fotocopialas e dalas, efectivamente temos un problema pois na Comisión de Emprego o Sr. Luis Cendán non está, e na Xunta de Voceiros si, e entonces efectivamente as veces nos pasan estas cousas, e en consecuencia prefiro seguir convocando Xuntas de Voceiros posto que así garantizo que están todos.

Interven o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que xa adintou antes que unha consideración sobre este tema, que sí é certo que supoño que hai unha plena coincidencia incluso da discrepancia que é unha cuestión que nos interesa a todos a primeira reflexión que hai que facer, e que das políticas de emprego municipal, esta foi a primeira vez que foi esto a debate colectivamente, no seo dunha Comisión ou Xunta de Voceiros durante tres anos dos proxectos que se solicitan, das contratacóns que se fan e das incidencias que xurdiron, no desenvolvemente de cada un dos programas, quero dicir que para ser a cousa importante tardamos bastante tempo en falar do tema dunha maneira consensuada, sobre todo nunha Corporación que non hai maioría absoluta, nos pensamos que nese sentido esa situación provocou que non houbera consenso sobre a política que temos que facer más ala de quen está porque efectivamente se o mellor nos confiamos demasiado de que sempre dependemos de quen está no goberno amigo, cando non hai goberno amigo pois hai cambios de situación e hai prever tamen eso, eu creo que unha forma de prever todo eso, e ter unha política o máis consensuada posible, debatida, coñecida e tal, o noso grupo descoñece e descoñeceu durante estes tres anos o que se pideu, como se contratou e o que se fixo finalmente, o que se fixo si porque facemos un seguimento das obras, en calquera caso aquí a Alcaldía foi como Juan Palomo "yo me lo guiso, yo me lo como", durante tres anos os programas de emprego municipal foron cousa do grupo de goberno, a oposición polo menos no caso do noso grupo, nin agua; claro agora apreta o zapato, que non o zapatero, e resulta que repetente ven todo ó Pleno, a ademáis unha Moción do PSOE, que pode vir, pero fixadevos vos, que en coherencia con que o tema fora un tema político de todo o mundo, estaríamos aquí diante dunha Moción da Alcaldía e senon no mellor dos casos dunha Moción de todos os Grupos Municipais, pero eso non se nos prantexou cando saímos da reunión do pasado martes día 22, por certo se nos dixo todo menos da convocatoria dun Pleno do Concello, todos sabemos Alcalde as razóns de que esto non se incluirá como un punto na Orde do Día, porque todos coñecemos a mecánica municipal, se vostede o trouxera aquí como un punto como unha Moción pola vía de urxencia necesitaría 7 votos que ó mellor non os tiña, e agora simplemente como mairia simple neste



Pleno xa lle vale, cada un utiliza a mecánica municipal como quere, pero sexamos realistas, que nos aquí o dedo non o chupamos, polo menos o BNG, entonces cando apreta o zapato se recurre á Corporación, pois así non, polo que lle dixen antes, porque áinda que coincidamos que hai un problema, podemos ter diversas formas de interpretalo e sobre todo diversas soluciones, eso é o que non se quere ver aquí, e estamos empeñados en que ou é así, ou estas conmigo ou estas en contra de mí, estamos todos en contra do PP, si, maña vou a traer unha pancarta e que, quero solucionar este tema, pero sobre todo quero manexar os datos fehacientemente, e os datos fehacientemente non se manexaron, porque para a convocatoria do Pleno como manda a lei non estuvo o grosso do expediente, e eso foi así. Pero bueno quero dicir algo máis, creo que hai moita demagogoxia neste tema, porque aquí se nos convierte ós que discrepamos en como fai as cousas o grupo de goberno en pouco menos que desinteresados no tema do paro, eso xa é para tocas as castañuelas, e para sair dicindo que ou opinas coma min ou non te interesa darlle unha solución a esto, non, me interesa darlle unha solución e eu teño outra opinión totalmente diferente, o problema do paro é un problema estructural, eu recoñezo que os programas de emprego municipal, contribuen, palian por certo en moi pouca medida, porque eu tamen teño leído estudios dos resultados reais que teñen no fomento do emprego este tipo de programas, e son pan de hoxe e fame de maña, agora benvido sexa, sobre todo se houbera unha coherencia en quen os fai, que é a Xunta de Galicia que non o esta facendo, non hai unha política clara, e hai unha política clientelar, é evidente, pero tampouco digamos agora que a resolución do paro en Ares depende exclusivamente de eso, depende que poidamos crear emprego, depende de que poidamos crear un tecido productivo, e que non tiñamos máis parados en Ares, en Mugardos e no resto da Comarca. Chamoume a atención poderosamente, porque os que estamos en política nos creemos que sabemos de todo, e a xente que creemos que non se entera manexa moito mellor a realidade que nos, cando levavamos unha hora e pico na reunión coa Conselleira de Pesca falando do traveling ese famoso, falando de non sei que, levantou a man un mariñeiro e dixo –Conselleira eu quería falar da pesca- que non hai peixe, que hai cupos, e ese é o tema real, haber de que estamos falando aquí, entón a mí se me encendeu a luz para darlle un certa dose de humildade os que creemos que pensamos máis que tal, cando a realidade despois vai por outra historia, pero si lle quero dicir unha cuestión, por eso hai en todo esto moita demagogoxia, mire o vindeiro mercores remata a Presidencia da Unión Europea o Presidente do Goberno Español D. José Luis Rodríguez Zapatero, o parlamento Galego durante cuarenta e cinco mil ocasións por unanimidade e este Concello por unanimidade reclamaron que o Presidente do Goberno Español cumprira o compromiso de renegociar o levantamento do voto a antiga ASTANO, sabe cantos postos de traballo podería crear, sabe canta xente de Ares que traballou hai ou que esta nas Auxiliares nestes momento pendiente, pois deso non falamos, non interesa, pois eu quero falar aquí tamén, quero ser coherente, eu non quero so un emprego de 3 meses para a xente, eu quero un emprego de calidade e con continuidade, pois non falamos de todo esto, e hai algo peor, que hai que predicar co exemplo, entonces eu non vou a negar que vostede no seu interior no seu fondo, na sua mente no seu corpo, na súa cuestión más interna sinte o



problema do paro e lle avegoña e lle doe ver á xente que está no paro, supoñamos que a todos nos doe igual, pero hai unha diferenza en todo esto, que hai algúns que aparte de doernos temos responsabilidades políticas, e estamos obrigados a poñer medidas e a ser racionais no gasto, para procurar amortiguar esa situación, e a miña pregunta e si non hai, moitísima demagoxia en todo esto, cando se di que non podemos aturar a situación de paro en Ares con esos catrocentos e pico que son moitísimos máis, cando nos permitimos o luxo de editar Alfolí, cando nos permitimos o luxo de editar a revista da Peña Barcelonista que non sei cando nos costou pero algo debeu de costar, ou cando nos permitimos o luxo que me deu vergoña o outro día na Comisión de Cultura cando me pelexei para que aforraramos mil euros máis, e cando dixen que se podía facer un concurso de balconados con froles sin poñer un premio de 600 euros, outro de 300 euros e outro de 200 euros, é 1000 euros, eu xa sei que eso é o chocolate do loro, e digamoslle á xente, se lle parece mellor poñer 1000 euros para adornar un balcón ou poñer 1000 euros para un posto de traballo ainda que sexa durante un mes, eso si que non é demagoxia, eso é realidade porque aquí se esta gastando moito e mal, e vostede o sabe e nos vamos a atopar con problemas, entón eu lle vou a facer unha emenda alternativa que leo, deixo por escrito incluso adaptandoa a unha realidade que aquí reflectiu o portavoz de NAL que é certo, a proposta que lle fago son tres puntos:

1º.- Trasladar á xunta de voceiros o debate sobre a situación actual dos programas de emprego que o Concello ten en marcha, avaliando as modificacións que procedan no seu caso para conseguir a maior utilización dos mesmos, articular dentro da Xunta de voceiros un grupo de traballo dirixido a estudiar alternativas e polticas municipais de emprego.

2º.- Solicitar urxentemente coa Conselleira de Traballo para aclarar a situación actual do proxecto do Obradoiro de Emprego solicitado desde o grupo de governo, procurando as formulas que permitan resolver, se é que as hai, as incidencias existentes na tramitación do mesmo.

3º.- Denunciar públicamente a negativa do gobernó español a cumplir o acordo adoptado polo Congreso dos Deputados polo Parlamento Galego e tamén por este Concello Pleno no sentido de aproveitar a Presidencia Española da UE, para negociar o levantamento do voto á antiga ASTANO.

O Sr. Alcalde resposta que o último punto se debe a unha situación que se sae do debate, nos aprobamos o pedir o levantamento do voto, e se fai falla volvelo a pedir se volve a facer. Se aceptan as duas emendas a terceira non, a terceira se sae do debate e efectivamente non podemos asumila pois loxicamente a nosa posición política esta a favor do governo de España.,

O Sr. Luis Cendán Fernández, di que o seu voto vai a ser que non, en canto a transacción que fai o Bloque está de acordo, se nos poñemos de acordo de quitar o último párrafo tamen me vale.



Sometida a votación a emenda do BNG, o Pleno da Corporación por 3 votos a favor (2 BNG 1 NAL) 5 votos en contra do PSdeG-PSOE, 1 unha abstención do Concelleiro non Adscrito Sr. Echevarria Lage, acorda rexeita-la emenda.

Acto seguido e atendido o manifestado procedese a votar a Moción como proposta da Alcaldía, entonces non sería do grupo municipal de Gobierno, e o Pleno da Corporación por 6 votos a favor (5 PSOE 1 concelleiro non adscrito “Sr. Echevarría Lage) 1 voto en contra do Grupo Municipal de NAL, e 2 Abstencíons do BNG, e en consencia adoptar o seguinte acordo:


O Pleno da corporación insta á Consellería de Traballo e Benestar a reconsiderar o proxecto presentado polo Concello de Ares, ao tempo que pide que ofreza públicamente as expicacións pertinentesobre as razón reaias polas que non se aceptou a proposta.

O Pleno da corporación tamén esixe á Xunta que manteña a mesma partida que en 2008 e as condicións de contratación no Plan de Cooperación co Concello de Ares.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as catorce horas e seis minutos do día ó comenzó sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E